RESUME 1ª ASAMBLEA ORDINARIA

O día 27 de novembro celebrouse a primeira asemblea ordinaria do curso académico 2012-2013. Logo de aprobarse a acta da asemblea anterior, a presidenta informou de diversos asuntos, entre os que cabe salientar os seguintes:

- Colaboración co Colexio para a colocación de gradas no salón de actos.
- Recollida e doazón do material escolar en desuso almacenado no faiado do centro. Todo este material foi enviado a Namibia para a axuda á dotación de centros escolares.
- Resultados do "Banco de Libros" xestionado pola asociación. Os alumnos que finalizaron 5º e 6º doaron un total de 140 libros resultando beneficiados 38 nenos e nenas (todos os solicitantes).

Tralo informe da presidenta presentáronse e aprobáronse as contas da ANPA do curso 2011-2012. Na rolda aberta de intervencións todos os socios participaron nun construtivo debate de opinións e suxerencias aos que desde aquí agradecemos vivamente a súa participación.
Damos as grazas a Isa, Ana e Magdalena polo coidado dos nenos e nenas no transcurso da asemblea.

BENVIDAS

Un ano mais queremos dar a mais calurosa acollida ós benxamíns do colexio, todos os nenos e nenas de 3 anos que comezan unha nova etapa e aos que queremos desexar unha moi feliz estancia. E con eles, damos tamén a benvida á nosa compañeira María León, monitora dos mais pequenos, que trala baixa de maternidade xa está de novo con nós. Benvida e unha forte aperta para a pequena Andrea.

anpa a ferradura

A ANPA EN CIFRAS

SOCIOS/AS DA ANPA: 378 FAMILIAS
MADRUGADORES: 106 USUARIOS/AS
COMEDOR: 310 USUARIOS/AS

Para todo isto contamos cun fabuloso equipo de profesionais que día a día coidan aos nosos nenos e nenas e ós que, unha vez mais, queremos agradecer o seu fantástico traballo.

ACTIVIDADE	Nº ALUMNOS	PROFESORADO
Ludoteca	15	Maribel Casal
Teatro	19	Antón Ferrari
Psicomotricidade	25	Mercedes Martínez Marta Alonso
Música	93	Carmen Dor Iolanda Eiras Magdalena Martínez
Inglés	108	Archana García Monitores *Picadilly*
Alemán		Alina
Piano	31	Carmen Dor Iolanda Eiras Magdalena Martínez Celia Pía
Batería	7	David Fariña
Guitarra	17	Xosé Alfonso
Ballet	91	Mercedes Martínez Isabel Sánchez Marta Alonso
Debuxo e Pintura	13	Celia Pía
Taekwondo	17	Roi Pazos Rubén Ron
Baile Moderno	11	Marta Alonso
Natación	110	Monitores USC
Tenis	15	Monitores Sar

NOTICIAS

Como todos os nadales, a nosa profesora de ballet Memé e o seu fantástico grupo de bailarinas vanse de xira!!!. A vindeira actuación terá lugar o 29 de decembro ás 17:30 na residencia GERIATROS.
Desde aquí queremos desexarlles a todas, o que sen dúbida será, un grande éxito.

FELICES FESTAS!!!!

Publicidade